

MANUEL MURGUÍA



*O Día das Letras
Galegas está
adicado este ano
a Manuel Murguía,
pioneiro na
investigación da
Historia de
Galicia e figura
clave no
nacemento do
pensamento
rexionalista*

O PATRIARCA

Debuxo de Jano Muñoz

Autor na polémica

X. M. Dobarro

nimemente, un cerebro privilegiado.

En 1854 aparece datado o seu poema “Nena das soledades” que publicaría dous anos despois nas páxinas do xornal vigués. Trátase do único poema en galego do que hoxe temos noticia. En español publicaría un poemario en 1895, curiosamente co título En prosa. Mais a poesía, á que dedicaría moitas horas da súa vida –xa como autor, xa como divulgador ou recensionista crítico– non daba para comer, daí a súa incursión noutros ámbitos,

Un coñecido dito popular di: “Home pequeno, fol de veneno” e todo apunta a que define bastante ben o noso personaxe. Mais ese fol de veneno, Manuel Martínez Murguía, tiña tamén, feito recoñecido case que una-

como o da narrativa, na que se dá a coñecer en 1855 coa novela *Desde el cielo*.

Insistiria no eido da narrativa con outras novelas, todas elas da década dos 50 e principios dos 60: *El ángel de la muerte* (1857), *Mientras duerme* (1857) e *D. Diego Gelmírez* (1859), saídas das imprensas de xornais onde colaboraba, respectivamente *La Crónica*, *La Iberia* e *Las Novedades*.

Daquela, máis ou menos como hoxe, non se podía vivir totalmente da creación, e moito menos en galego. Temos que ter conta, ademais, de que, nesa altura, a literatura en galego case que só se concebía en verso. Non obstante, todas elas fan referencia a Galicia —ás paisaxes da Ulla sobre todo—.

Así o manifestaron o propio Murguía, Alfredo Brañas, Antolín Faraldo, Neira de Mosquera, etc., se ben o noso homenaxeado nunha moi interesante serie de artigos de divulgación da poesía galega (Pin-

tos, Anón, Alberto Camino, Rosalía e poesía popular), aparecidos nas páxinas do madrileño El Museo Universal baixo o título de “Poesía gallega contemporánea”, só fai referencia á expresada en galego.

Mais a partir de 1859 proxecta dedicar a súa atención á redacción da historia de Galicia, obra que, como outras, non concluíría. Durante a redacción da historia polemizou agriamente co seu primeiro editor, Soto Freire, por razóns económicas ou con Vicetto, por razóns científicas.

Por cuestións de índole literaria tamén polemizou agrememente con diferentes escritores, dos que serían Lamas Carvajal e Emilia Pardo Bazán os máis sonados. En ambos os casos estas dúas polémicas tiñan como motivo a obra e a figura de Rosalía.

Vimos como Murguía, que se iniciou cun versos en galego, utilizaría posteriormente o español como instrumento lingüístico habitual da súa obra.

*Recordaba o que lle interesaba
e esquecíase do que lle conviña*

J. A. Durán

Cando hai que falar de Manuel Murguía, o investigador e escritor José Antonio Durán é un dos maiores especialistas na materia. Di que Murguía é “fantasioso pero esencial para Galicia”.

Durán, que considera que este recoñecemento de Murguía nas letras galegas “chega un pouco tarde”, pensa tamén que, dende aquí, “haberá un antes e un despois na figura de Manuel Murguía”

- **¿Que significado ten a obra literaria de Manuel Murguía?**

É un polígrafo, unha persoa de múltiples dedicacións e a súa obra literaria relacionada con Galicia, escrita case toda en castelán, desborda o marco galego. Nembargantes, como investigador ten excepcional importancia polo temperán das súas aportacións. Murguía é unha das persoas

que presta unha atención máis cedo ó uso literario da lingua galega, aínda que él use principalmente o castelán.

● Adicándose a tantas tarefas, ¿en que plano queda a súa labor literaria?

A súa obra literaria como tal ten unha importancia relativa. Dende un punto de vista literario Murguía ten moi pouca relevancia porque, dende que coñeceu a Rosalía, deuse conta de que ese non era o seu mundo. Ela tiña unha extraordinaria facilidade para facer cousas que a él costábanlle moito e foise orientando máis cara outros campos coma o estudo do folclore, a literatura popular ou a historia.

● ¿Cómo escribía Murguía?

En algúns casos, coma no seu libro “En prosa”, Murguía demostra que é un escritor dunha valía excepcional, e o seu castelán é o máis brillante que se escribe no seu tempo, ten unha prosa moi bela e clara.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

d í a d a s

LETRAS GALEGAS 2000

Manuel Murguía

A Universidade ten como misión forma-la xuventude, e isto lévao a cabo desde unha perspectiva de futuro da sociedade na que está inmersa. A través dos plans de estudio, cursos de especialización e terceiro ciclo, masters, simposios e ciclos de conferencias, a Universidade trata de dar unha adecuada formación, que debe responder ás demandas de progreso que ten Galicia.

Con motivo do Día das Letras Galegas, que terá lugar o próximo día 17 de maio, a Universidade da Coruña desexa manifestar, unha vez máis, o seu compromiso coa Cultura Galega.



12:00 XOSÉ LUIS AXEITOS
PERFIL BIOGRÁFICO E
INTELLECTUAL DE
MANUEL MURGUÍA

12:30 RECITAL POÉTICO
BERNARDINO GRAÑA

13:00 CONCERTO DE PIANO
JOSÉ NÚÑEZ ARES



OS ACTOS TERÁN LUGAR O DÍA 23 DE MAIO NO SALÓN DE ACTOS DO VICERRECTORADO DO CAMPUS DE ESTEIRO EN FERROL

VICERRECTORADO DE RELACIONES INSTITUCIONALES E POSGRADO
SERVICIO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA

